

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 30 de novembro de 2008.-

Alfonso Graña, rei dos xíbaros.

Escribiu Víctor de la Serna en 1935 no xornal madrileño *Ya* unha crónica na que falaba dun “*único ser branco habitante da selva, dunha zona poboada polos indios máis indómitos de América, os terríbeis xíbaros, disecadores de cabezas, magos e xigantescos guerreiros.*”

Referíase a Alfonso Graña, un home nado na parroquia de Amiudal, no Concello de Avión, en Ourense, no ano 1878, fillo de xastre e de taberneira, que, como moitos outros, un día tomou a decisión de fuxir das miserias da vida na aldea e embarcou cara a Belém de Pará, na Amazonia brasileira, dende onde se trasladou a Iquitos, no Perú, arredor do ano 1910. Alí contactou co tamén ourensán Cesáreo Mosquera, un fervente republicano que rexentaba a librería “Amigos del país”, e entre eles axiña naceu unha gran amizade.

Cando comezaron a esmorecer os negocios derivados do caucho decidiu viaxar río arriba na compañía doutro ourensán na procura de novas oportunidades. A partires dese momento desapareceu nos confíns da selva e perdeuse toda caste de contacto con el ao longo dun período de dous anos.

Pero cal non sería a sorpresa do seu amigo Mosquera cando logo dese tempo puido comprobar atónito como Graña aparecía de novo en Iquitos baixando polo mesmo río onde se despediran, capitaneando dúas embarcacións cheas de indios e tesouros da selva.

O Alfonso Graña que aparecía de volta en Iquitos era xa o rei das tribos Huambisa e Aguaruna, que habitaban as cuncas dos ríos Nieva, Santiago e

Marañón no alto Amazonas, un territorio dun tamaño superior ao de Estremadura, Andalucía e Castela-A Mancha xuntas.

De como este ourensán chegou a converterse en rei existen varias versións, aínda que a máis aceptada di que o seu compañeiro de viaxe e el tiveron un encontro cos indios ao que só sobreviviu Alfonso Graña porque quedou namorada del a filla do xefe dunha das tribos, que intercedeu para que lle perdoasen a vida a condición de que casase con ela. Unha vez morto o “sogro” foi el quen herdou o seu trono.

Os indíxenas adorábano. Ensinoulles a producir sal e a secar o *paiche*, o peixe típico da zona, acalmou as liortas entre tribos e con certa frecuencia baixaba con eles a Iquitos para curarlles feridas. Alí convidábaos a xeados, levábaos ao cinema e axudábaos a vender produtos que traían da selva, como peixe seco, carne curada, cunchas, fósiles e sal. Cesáreo Mosquera, que mantiña longas conversas co seu amigo para logo escribir crónicas, relatou como polas tardes os indios mesmo vestían de frac e sombreiro de copa e saían de paseo no seu coche.

Foi tal a importancia que acadou Alfonso Graña na selva que no ano 1926 a compañía petroleira norteamericana *Standard Oil*, propiedade da familia Rockefeller, tivo que asinar un pacto con el para que os indios non atacasen os seus expedicionarios cando ían na procura de pozos que explotar. Máis tarde, no ano 1932, cando a *Latin American Expedition* se perdeu no interior da selva foi Graña quen acudiu no seu auxilio e quen os aprovisionou de víveres. E cando o aviador ferrolán Francisco Iglesias Braxe decidiu emprender unha expedición ao Amazonas chegou a entrevistarse con Alfonso Graña, que por mediación de Cesáreo Mosquera, lle fixo chegar todo tipo de materiais: botellas con auga do río

ou con petróleo, monos afumados, crisálidas de insectos, cabezas reducidas e centos de fotografías da selva.

Mais o reinado de Alfonso Graña asentouse definitivamente grazas a un suceso acontecido no ano 1933, cando un avión das Forzas Armadas peruanas sufriu un accidente en plena selva no que morreu o piloto e o mecánico quedou ferido, e foron os indios quen lle salvaron a vida.

Graña e un grupo de xíbaros baixaron polo río até Iquitos co mecánico ferido e con dúas balsas. Nunha delas levaban o corpo embalsamado do piloto e na outra os restos do avión accidentado. Foron recibidos por unha multitude, e as forzas vivas da localidade solicitaron ao Goberno Peruano que recoñecese oficialmente a soberanía de Graña sobre os territorios nos que reinaba.

Alfonso Graña morreu xusto un ano despois. Sábese por unha carta ao capitán Iglesias Braxe asinada por un español residente en Iquitos na que o informa de que “*o pobre Graña morreu o mes pasado*”. Nunca se atopou o seu cadáver e tampouco se sabe se deixou descendencia, aínda que hai unha fotografía na que aparece xunto a un rapaz que sempre o acompañaba, coñecido por todo o mundo como o seu afillado e que tamén se chamaba Alfonso. Se era o seu fillo ou non nunca se saberá porque Graña non o recoñeceu publicamente.

Ademais das historias acerca da vida aventureira de Alfonso Graña só queda na parroquia de Amiudal, no concello de Avión, unha pequena casa case en ruínas cunha placa que di que alí naceu o rei dos xíbaros.

© Xesús Constela Doce, 2008